



CONCELLO DE RIVEIRA
Declarado Municipio Turístico Galego

Praza do Concello, S/N
15960 Riveira
(A Coruña)
Tel.: 981835417
www.riveira.com

Segundo a normativa de aplicación, e tendo en conta en particular os Reais decretos 1.215/97 e 1.435/92 en relación aos guindastres torre precísase autorización municipal para a súa instalación.

Sen prexuízo de que o Concello acepte a localización do guindastre no lugar que se indique, para a instalación do mesmo precísase a presentación ante esta administración do proxecto subscrito polo técnico competente e visado polo Colexio Oficial no que se inclúan como mínimo:

- Datos de localización da obra.
- Plano de situación do guindastre torre dentro da obra con expresión dos obstáculos ou edificios que hai que salvar durante a utilización.
- Marca, tipo e número de fabricación do guindastre.
- Certificado de construción emitido polo fabricante ou importador.
- Alturas da montaxe inicial e final.
- Características do contrapeso.
- Características dos lastres inicial e final.
- Sistemas de protección eléctrica e conexión a terra.
- Diagramas de cargas e alcances.
- Características das vías de rodaxe, no seu caso.
- Dispositivos de seguridade.
- Velocidades.
- Cables.
- Altura máxima e autoestable.
- Cargas e distancias admisibles e tipo de reenvío de elevación.
- Tensión de alimentación.
- Datos definitorios de arriostamento.
- Parámetros diversos.
- Deberá facerse constar a adecuación de proxecto ás condicións de instalación da norma UNE 58-101-80, parte II, "Aparatos pesados de elevación. Condicións de resistencia e seguridade nos guindastres torre desmontables para obras. Condicións de instalación e utilización."

A posterior posta en servizo do guindastre levarase a efecto segundo o establecido no RD 2135/1980, de 26 de setembro, previa xustificación do cumprimento das condicións indicadas na norma UNE 58-101-80, parte II, xa citada. O instalador deberá acreditar que se cumpren as condicións indicadas e que se fixo entrega do guindastre ao usuario despois de comprobar, en presenza deste, o correcto funcionamento dos seus dispositivos de seguridade de acordo co apartado 7.6 da norma UNE 58-101-80, parte I, ou norma equivalente, nun documento asinado polo instalador e o usuario. Este documento deberá presentalo o instalador ante o Concello.